



# LÓXICA-MATEMÁTICA




**Barco xeométrico:** nomeamos as distintas figuras xeométricas que hai no barco, con plastilina formamos as figuras. Mediante o uso de figuras xeométricas podemos crear o noso propio barco.



**Colorea o intruso:** fíxate ben nos debuxos e colorea o elemento que é diferente.



**Xeados:** facemos uns cucuruchos con distintos números, con plastilina temos que facer tantas bolas como indique. No drive Familias teredes a versión para imprimir desta actividade.



**Tira o dado, repasa e colorea:** tiramos o dado, contamos os puntos, repasamos o número que corresponda, pintamos tantos raios de sol como corresponda. Xoga tantas veces como queiras!

# LECTOESCRITURA

## AS ESTACIONES

RECER LA FLOR  
MAR EL SOL  
ERÁ MARRÓN  
IO NOS DA CALOR.

Estróbilo



Y CONTENTA,  
YA  
NTO  
IRÁS

E FLORES  
DRES.

IRÁ


**As estacións:** primeiro falamos das características das catro estacións, das diferenzas de roupa, clima, comida... Despois temos un poema para recitar e facer un debuxo sobre o mesmo.



**Verán:** facemos un cartel coa palabra verán. Podemos escribir nós a palabra ou colorear a que temos de exemplo. Despois pensamos palabras que empecen polas letras que a compoñen.



**Rimas:** elixe a palabra que rime, teñen que terminar igual. Tamén podes pensar rimas co vocabulario do verán que axuntamos no Drive.



**Receitas:** cal é a túa receita favorita do verán? Escribe os ingredientes, debuxa ou fai unha foto a túa receita. Tedes algunha na carpeta do Drive Familias.


# GRAFOMOTRICIDADE




**Peixiño de cores:** empregando o tallo do apio, estampamos distintas cores neste peixiño tan simpático. Podemos poñerlle un ollo móbil para rematar a actividade.



**Trazos e xeados:** decoramos os xeados empregando diferentes grafismos: puntos, raias verticais ou horizontais, cruces, asteriscos, círculos, bucles...



**Sandía:** nun folio estampamos cunha pataca cortada nun cuarto, engadimos cun pincel a liña verde. Deixamos secar e debuxamos as sementes cun marcador negro. Podedes probar a facer outras froitas típicas do verán.



**Camiños do verán:** imprime as tarxetas que atoparás no Drive e segue os diferentes camiños. Primeiro faino cun lapis e despois cun rotulador.

# ARTE



**Medusas:** nunha cartolina debuxamos un círculo do tamaño que queiramos que sexa a nosa medusa, decoramos como máis nos guste, cunhas tesoiras facemos un corte ata a metade, pegamos papeliños e dobramos.



**Koinobori:** para facer estes simpáticos peixes de orixe xaponés, só necesitamos rolos de papel hixiénico e papel de seda ou confeti. cun folio facemos os ollos.



**Somos submarinistas:** con cartolina, papel celofán e unha cana facemos a nosa careta de submarinista. Fai unha foto e con ela un bonito cadro, tedes os modelos no Drive.



**Que calor!:** con depresores e papel ou cartolina podemos facer un abanico. Recorta a forma dun rectángulo e decórao libremente. Prega o rectángulo e pega nos extremos os depresores. Modelo no Drive.

# XOGOS



**A pescar!:** con feltro, tea ou cartolina facemos uns peixiños, dentro deles poñemos un chip metálico. Facemos unha cana de pescar cun pao e fío. Ao final do fío poñemos un imán. Xa podemos pescar!



**Barcos:** facemos os nosos barcos con cortiza, cartolina, tapóns de plástico... Poñemos varios nun recipiente con auga e facemos unha carreira. Quen gañou?



**Xogo con vasos:** collemos tres vasos e enchémolos de auga. Poñemos unha pelota pequena, que non pese moito, enriba do primeiro. Intentamos pasar a pelota dun vaso ao outro soprando, sen empregar as mans.



**Pompas:** elaboramos a nosa propia mestura de xabón e auga para facer pompas. Podemos crear tamén os utensilios. Tedes a receita e os modelos no Drive Familias.